

# Afurada - Ribadavia



As diferenzas e semellanzas das rexións Afurada e Ribadavia pola visión do grupo albo coa finalidade de repartición e creación dun proxecto final dun guiión turístico.



# Resumo

---

Este proxecto ten como base a repartición e coñecemento dunha nova rexión e o que agrega, tal como factores socio económicos e culturais e lingüísticos. Preténdese dar a coñece o galaico portugués e cultivar o gosto pola escrita e lectura a través de correspondencia por parte das entidades inseridas no proxecto. Desta forma, os alumnos integrantes no proxecto terán oportunidade de coñecer unha nova rexión, cultura, tradicións, idioma, e estar en contacto con outros nenos, dando tamén a coñecer a súa realidade, creando así un intercambio bilateral entre 2 países e rexións distintos. Este contacto finalizara con cada entidade a crear un guía turístico sobre a súa propia rexión. Este guía será feito ao longo do ano letivo a través de pescuda, actividades e repartición entre os nenos / entidades.



# Contexto do proxecto

---

Nun mundo cada vez tecnolóxico e onde cada vez hai oportunidades de procurar mellores condicións de vida, e dun aumento de turismo, asistimos en varias áreas e unha perda de identidade. A cultura, as tradicións van sendo esquecidas e superadas ou até mesmo adaptadas a novas perspectivas que novas xentes traen ou que saen levan. Esta perda de identidade moitas veces xera nunha gentrificación que nin sempre é boa. Adquirir novas tradicións é bo, mais non podemos esquecer o que mantén unha rexión única. Con este proxecto, queremos que dúas rexións distantes e distinguidas se coñezan a través dos ollos dunha xeración de nenos, das cales moitas forman parte dun grupo de persoas que partiron a procura de novas oportunidades de vida. Moitas destes nenos, viven nun sitio novo e pouco coñecen acerca do local. E mesmo as que son da terra moitas veces non ten a noción do que máis rico ten ao seu redor. Queremos que ese descubrimento sexa natural e progresiva, que celebren non só a súa cultura, mais a de o outro, que teñan orgullo e descubran as diferenzas e semellanzas. Que aprendan que debemos aplicar as nosas tradicións e dar a coñecer para que a nosa identidade non se perda, e sexamos só máis un nome no mapa.



# Solución

---

Non hai unha solución específica para algo que acontece naturalmente. O turismo veu gentrificar e mudar moito as realidades visitadas. Sexan as mellorías para recibir os de forasteiros sexan elas físicas como arquitectónica e espacial ou até comportamentais como o desprazamento de persoas naturais da terra ou mudanza de hábitos e culturais, como exemplo. O que queremos é descubrir o que xa foi perdido e manter vivo o que aínda temos. Queremos que a través de cartas, os alumnos coñezan esta realidade que por veces non é de máis favorábel, e queremos así crear un guía turístico que realce o que estas rexións teñen a ofrecer aos ollos dos nenos. Queremos un guía turístico onde partillamos a nosa cultura, tradicións, asociativismo e todo o que estas terras teñen para dar. Máis do que un guía turístico, queremos nenos e as entidade creen unha conexión troca de cultura e coñecemento tentando así preservar a identidade da comunidade.



# Obxetivos



- Cultivar o gusto pola escrita e lectura (galego e portugués)
- Estimular o gusto pola interpretación de textos, coñecementos sobre outra rexión e cultura;
- Estimular a curiosidade e empatía por outras persoas e comunidades;
- Organización de visitas temáticas sobre os diversos temas;
- Realización de vídeos e páxinas nas redes sociais ilustrativos dese traballo de levantamento;
- Elaboración dun resumo da Historia local;
- Descrición da Gastronomía típica local;
- Descrición de Tradicións, lendas locais, Historia local;
- Obtención dunha Visión Xeral da cultura local, incluíndo a lingua;
- Promoción das Festas Populares;
- Visión sobre o Asociativismo local e seu percorrido;
- Descrición das actividades económicas locais ao longo das épocas;
- Partilla máis ampliada de usos, costumes, obxectos e outras vertentes
- Amostragem da arte local e espazos/proxectos dedicados á arte/cultura;
- Creación dun guía turístico



# Participantes



## Portugal

Amélia Azevedo - Polo de Lectura da Afurada da Biblioteca Municipal de Vila Nova de Gaia

Escola EB1/JI da Afurada de Baixo

## Información

### Agrupación:

Escolas D. Pedro I, Vila Nova de Gaia

### Grao de ensino:

Xardín de Infancia / 1º Ciclo

**Tipo de Escola:** Pública

### Localización

Distrito: Porto

Concello: Vila Nova de Gaia

## España

Mafalda Azevedo - Omix Ribadavia

Escola CEIP Plurilingüe Ribadavia



## alumnos

4º ano  
(9/10 anos)

# Cronograma



1) procura de información sobre os locais e grupos, e correspondencia entre os mesmos.

## **Outubro - Decembro**

- Presentación e integración dos alumnos no proxecto,
- Presentación das entidades (escolas, rexións Afurada e Ribadavia aos alumnos do proxecto)
- Presentación dos alumnos entre si a través de cartas, áudios ou vídeo chamadas
- O que sabemos sobre a outra comunidade?
- O que sabemos sobre a nosa?
- Comezo de pescuda e repartición de información entre os grupos

2) investigación sobre as propias comunidades.

## **Xaneiro - Marzo**

- Visitas a museos, talleres de turismo, biblioteca e establecementos locais relacionados cos temas abordados

3) creación do guía turístico.

## **Abril - Xuño**

- Preparación e presentación do guía turístico

Ao longo do ano, van sempre ser desenvolvidas actividades relacionadas cos temas abordados, sexan elas de arte, xogos, lectura, escrita, filmes entre outras



# Actividades

Algúns exemplos de actividades a desenvolver ao longo do proxecto

- Correspondencia a través de cartas;
- Partilla de áudios, libros e artigos de información;
- Creación dun pequeno glosario/dicionario;
- Palabras cruzadas, sopas de letras e outros xogos;
- Pescuda e repartición de información;
- Visitas a museos, talleres de turismo, mercados;
- Talleres de teatro, danza, música, arte (fotografía, pintura);
- Actividades quebra-xeo;
- Entrevistas a membros da comunidade local;
- Troca de obxectos característicos das comunidades.



Problema:

Problema:

1. Na primeira vitrina, identifica dous tipos de barcos típicos da Afurada  
\_\_\_\_\_
2. Identifica una das embarcações utilizadas na pesca do bacalhau  
\_\_\_\_\_
3. Em que arte é utilizado o barco conhecido como "traineira"?  
\_\_\_\_\_
4. A roda do leme permite governar uma embarcação: quem a poderia utilizar?  
\_\_\_\_\_
5. No Espaço "Miniaturas Náuticas", identifica o objecto que corresponde a esta adivinha: "é redonda e é um meio de salvamento obrigatório a bordo das embarcações"  
\_\_\_\_\_
6. No mesmo Espaço, identifica o objecto que corresponde a esta adivinha: "são utilizadas para fazer ou remendar as redes de pesca"  
\_\_\_\_\_
7. No Espaço "Objectos de Pesca", identifica a utilização do objecto conhecido como "retentor"  
\_\_\_\_\_
8. Nesse mesmo espaço, identifica uma "nassa"  
\_\_\_\_\_
9. No Espaço "Conchas e Búzios", dá um exemplo de um bivalve e onde se encontra a maioria destes seres  
\_\_\_\_\_
10. Na Sala de Exposições itinerantes, observa a caixa "Varina da Afurada": descreve dois dos objectos a bordo  
\_\_\_\_\_

Boa Sorte

Projeto: Percepções e Narrações 2018/2019  
Escola EB1 Afurada de Baixo

Nome: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

## ANIMAIS AQUÁTICOS


R	Q	E	E	S	T	R	E	L	A	.	D	O	.	M	A	R	B	O	Z	
O	T	L	W	U	P	P	O	L	V	O	M	T	A	A	E	H	J	X	Q	X
T	F	Q	B	T	V	O	L	E	L	U	L	A	L	A	P	A	M	A	U	
M	E	X	I	L	H	A	O	B	L	A	A	C	A	V	A	L	A	G	H	
X	H	M	X	E	C	A	R	A	N	G	U	E	J	O	D	O	D	Z	I	
B	E	N	G	U	I	A	F	S	X	T	A	A	R	A	O	A	O	X	T	
T	H	H	T	W	W	I	U	I	O	M	B	Y	L	A	B	D	Q	L		
J	V	A	O	G	O	L	F	I	N	H	O	Y	T	D	A	I	A	D	K	
S	A	P	O	J	O	P	O	J	O	E	U	S	E	D	I	E	V	R	Q	
Q	Z	N	O	C	A	U	E	U	C	L	E	X	N	Z	I	Z	K	A	C	
O	A	F	A	N	E	C	A	T	U	B	A	R	A	O	D	S	P	A	C	
O	X	I	B	R	O	I	S	A	R	D	I	N	H	A	Y	R	P	U		
A	C	V	R	A	I	A	C	A	R	A	P	A	U	G	J	O	B	U	E	
P	D	V	A	E	F	D	L	S	A	V	E	L	O	V	I	E	I	R	A	
A	G	F	O	C	A	A	Á	U	M	C	V	N	G	Z	C	F	A	Ç		
O	O	A	U	B	A	L	E	I	A	E	L	A	M	P	R	E	I	A	O	
A	V	C	A	R	A	M	U	J	O	A	O	I	A	F	K	F	A	D	U	
G	O	X	I	T	A	I	N	H	A	R	O	B	A	L	O	A	U	U	P	
H	Q	C	E	A	C	A	M	A	R	A	O	P	B	G	C	A	U	C	Z	
A	M	V	F	V	G	Z	U	C	L	B	O	P	A	Z	U	B	E			

algúns exemplos de actividades desenvolvidas en proxectos anteriores



# Guía turístico

Exemplo do que podemos colocar no guía turístico,  
a través das actividades desenvolvidas ao longo do ano letivo



Cada escola desenvolverá un guía turístico da súa localidade e será enviado para a outra escola.  
Todo o que será inserido no guía turístico será resultado das actividades desenvolvidas ao longo do ano



**Bibliotecaria**

# Amélia Azevedo



**Certificada de BAD;**

**Formada polo CENJOR** (Centro de Formación de Xornalistas);

**Técnica Bibliotecaria responsábel** polo Polo de Lectura da Afurada

- Biblioteca Municipal de Vila Nova de Gaia.

**Mentora dos Grupos Informais Culturais:**

- Pioneiros da Afurada (1994-2001);

- Varinas da Afurada (2016 até ao presente);

Dirixente do Rancho Folclórico da Afurada entre 1995-2000;

Dinamizadora ou colaboradora en diversas exposicións culturais;

Dinamizadora de Horas de Conto para o público Infanto-Xuvenil entre 2014 e 2016 contando coa colaboración de autores e narradores;

Narradora de contos infantís;

Colaboradora na revista Ardentia;


Creadora do espectáculo popular "Varinas de Onte, Afurada de Hoxe";

Participante de varios documentais sobre a Afurada;

Autora do libro "As Figuras da minha Terra".

# Proxectos anteriores

Ultimos proxectos desenvolvidos por Amélia Azevedo en conxuntos coa EB1/JI da Afurada de Baixo



**2015/2016**



Vamos contar uma História?

**2017/2018**



A Nossa Casa Conta uma História

**2018/2019**



Perceções e Narrações

**2022/2023**



Notícias da Afurada, a Informação Local



Fotografa

# Mafalda Azevedo



## Formación

**Técnico de Fotografía** (2012/2015)

**Técnico de Información e Animación Turística** (2017/2018)

**Técnico de Audiovisual** (2020/2021)

## Fotografa en

- Varinas da Afurada;
- Libro "As Figuras da minha Terra"

## Estagiária como fotografa / Información e Animación Turística

- Centro Interpretativo do Património da Afurada - Câmara Municipal
- Fotosport
- Cantinho das Aromáticas

## Erasmus

- Centro Teatrale Europeo Etoile (Italia)
- Omix Ribdavia (España)

Colaborou na revista Ardentia;

Colabora tamén nos proxectos desenvolvidos por Amélia Azevedo na Escola EB1/JI da Afurada de Baixo